

Resolución do 9 de novembro de 2023 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para de acceso por oposición libre nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocados pola orde do 19 de abril de 2023 (DOG núm. 86, do 5 de maio), **pola que se fan públicas as datas de realización do terceiro exercicio**

Nas sesións que tiveron lugar os días 6 e 8 de novembro de 2023, e tendo en conta que por causas de forza maior derivadas de climatoloxía adversa (alerta laranxa comunicada pola AEMET) este Tribunal, atendendo a cuestións de seguridade dos /das participantes tivo que aprazar a realización das probas de aptitude física deste proceso selectivo.

#### **ACORDOU:**

Anunciar as novas datas de realización das probas de aptitude física:

**Lugar:** Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) de Pontevedra, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº1, 36002, da cidade de Pontevedra

**Data:** 2-3 de decembro de 2023

**Horario:** Segundo orde de chamamento, que se publica como anexo a esta resolución

Recordase que, todas as persoas aspirantes deben acudir o día e hora do seu chamamento con puntualidade e achegando:

- Documento Nacional de Identidade
- Informe médico expedido con data posterior ao 19 de outubro de 2023,\* no que debe constar que "é apto/a para a realización das probas de aptitude física que constan no anexo III da Orde do 19 de abril de 2023, acceso categoría de policía"

*\*co fin de causar os menos prexuízos posibles ao persoal opositor, acordase manter a validez aos informes médicos coa data prevista para as datas modificadas.*



Tendo en conta, que non é posible predicir con certeza o tempo meteorolóxico con esta anterioridade, e que debemos comunicar a maior brevidade posible unhas novas datas, este Tribunal a vista de todas as posibilidades existentes para garantir a realización efectiva destas probas con total seguridade, e valorando ademais a dispoñibilidade de todas as instalacións que existen na nosa comunidade autónoma nas cales se poidan levar a cabo estas probas xunto co feito de causar os menores inconvenientes posibles ao persoal opositor, acorda realizar estas probas no CGTD de Pontevedra, no que as nas súas instalacións se poden levar a cabo as 5 probas e polo tanto realizar estas probas de forma continuada.

Aínda así e para poder ter en conta todos os extremos, comunicase que no suposto, que con data 30 de novembro de 2023, se as previsións meteorolóxicas prevexan inestabilidade de acordo cos partes comunicados pola AEMAT que poida impedir a realización destas probas no exterior, realizaranse os días 4 e 5 de decembro de 2023, as probas de velocidade, potencia do tren superior, potencia do tren inferior e resistencia xeral no recinto de Expourense (Finca Sevilla, s/n, 32005 Ourense) e o día 11 de decembro de 2023, a proba de natación levarase a cabo no centro de Tecnificación deportiva da cidade de Pontevedra.

Ambas instalacións xa foron reservadas pola AGASP nas datas indicadas.

No suposto de ter que levar a cabo o cambio na sede de realización destas probas, comunicarase a través de resolución deste Tribunal, publicando a mesma na páxina web da Agasp e nas redes sociais deste organismo.

Este Tribunal lamenta as circunstancias que rodean a realización destas probas e busca o menor trastorno aos/as interesados/as, e por iso, co fin de garantirlle a súa realización efectiva, sinala todas as posibilidades existentes, cos principios de igualdade e transparencia como prioritarios.

Esta resolución pode ser obxecto de recurso de alzada ante o director xeral da AGASP, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Pontevedra, 9 de novembro de 2023

A Presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro

